

Día das Letras Galegas

Xosé María Álvarez Blázquez, 2008

O 23 de abril do presente ano, xuntámonos en Tui a familia Álvarez Blázquez na súa totalidade e os entrañábeis membros dos Álvarez de Pontevedra, Emilio Álvarez Rey e Celso García de la Riega, modelo de forza física e intelectual aos seus case 93 anos, oficial retirado do exército republicano, con carné de identidade que así o acredita. Alí estivo o noso comandante –así o chamamos– representando a ideoloxía dunha boa parte da nosa extensa familia, e alí, tras escoitar fermosas palabras do meu irmán Pepe no acto na casa do Rollo, onde viviron os Álvarez Limeses-Blázquez Ballester, e despois de que a miña tía Blanca Fernández Feijóo, entre a emoción de todos, contida e non tan contida, descubriše unha placa na parede daquela vivenda onde conviviron o meu avó Darío, a doce avoa María e os seus fillos, dirixímonos ao Concello para, nun solemne acto, inaugurar o ano dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Estas foron as miñas palabras, como portavoz familiar, extraídas do corazón e da razón, entre o perdón e a alerta:

“Sr. Alcalde, Concelleiros e Concelleiras, familiares e amigos:

No nome da miña nai, María Luísa Cáccamo, que por razóns de saúde non pode asistir a este acto;



A cidade de Tui, terra natal de Xosé María Álvarez Blázquez. /ELI REGUEIRA

Entre o perdón e a alerta

no nome dos meus irmáns e irmás, dos Álvarez Gándara, dos Álvarez Blázquez-Fernández e dos Álvarez Pazos e de toda a nosa extensa familia, desexo expresarles o noso agradecemento, a Vostede, á corporación municipal, ao bibliotecario Rafael Sánchez Bargiela, e á cidade de Tui polo cariño, a sensibilidade e o compromiso para a celebración de múltiples actos con que acolleron a ilusionante decisión do nomeamento de Xosé María Álvarez Blázquez como autor a quen se vai homenaxear no Día das Letras Galegas. A xenerosidade dos cidadáns e cidadás de Tui, que Vostedes representan, estende a todo un ano a efeméride. Volve, deste xeito, a memoria do

Memoria do poeta construtor



ALFONSO ÁLVAREZ CÁCCAMO

meu pai a arraizar na cidade que o viu nacer e sei que xa non haberá galernas que o arrinquen da terra da súa orixe. Todos os irmáns Álvarez Blázquez: Darío, Celso, Alfonso, Emilio e Álvaro eran tudenses, e tamén son tudenses os meus curmáns aquí presentes Darío e Alfonso Álvarez Gándara, fillos de Carmiña Gándara e de Darío Álvarez Blázquez quen, moi novo, cargou sobre as súas costas a responsabilidade de dar apoio económico, sentido e ilusión a unha familia que marchou da cidade que os vira nacer, medrar, estudar e mesmo, como no seu caso, comezar a exercer a súa profesión de médico. Todos os irmáns, e as súas esposas, foron un modelo de fraternidade e de

amor. As trágicas circunstancias, por todos coñecidas, truncaron a súa permanencia en Tui, mais as lembranzas dos felices anos anteriores á guerra permaneceron sempre nos seus corazóns. As outras, as que racharon o corazón do seu pai, o corazón da súa nai, o corazón dos fillos e o corazón da grande maioría dos habitantes de Tui, foron levándoas con valente resignación e cunha sobrehumana ilusión pola vida, unidos na familia, solidarios na intelixencia do amor e do humor balsámicos, e permaneceron firmes nas ideas e nas arelas políticas que en grande medida todos viron realizadas, pois, agás Celso, faleceron despois do 20 de novembro de 1975. Agora xa chegou o tempo de hibernar

o pasado, non de enterralo. Convén deixalo nun estado letárxico, entre o perdón e a alerta. No territorio do pasado ficaron os días malfadados. Aquí, no presente, é a nosa obriga velar a cotío por un futuro en paz e liberdade.

Agora estamos nun tempo de celebracións e, como en tantas ocasións o ten demostrado, a cidade de Tui vai ser modelo de actividade cultural, coa mesma ilusión daquel Tui dos Xogos Florais, como herdanza do pouso humanista que deixaron desde hai séculos tudenses como o filósofo Francisco Sánchez “O escéptico” ou o arcebispo Lago, tamén homena-

PASA Á PÁXINA SEGUINTE

Día das Letras Galegas

12h, Peirao de Raxó: Contacontos con **MARISA IRIMIA**

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS XVI CONCURSO LITERARIO **XAIME ISLA COUTO**

CONFERENCIA **A CREACIÓN LITERARIA**

A CARGO DE **D. LUIS REY**
Escritor

17 / Maio / 2008 / 17:30 h.

Entrega de Diplomas na CONFRARÍA DE PESCADORES DE RAXÓ

Cancello de Polo

HISTORIA E MEMORIA

Xosé María Álvarez Blázquez, 2008

Día das Letras Galegas

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

xeado no ano 1973 no Día das Letras Galegas. Foron moitos outros, non todos nados na cidade pero si acollidos por ela, os que deixaron a súa impronta cultural, política, de progreso: non esquezo ao deputado agrarista Antón Alonso Ríos, ao pintor Pietro Coussent ou ao doutor Dario Álvarez Limeses, de valente pluma anticaciquil e promotor de moitas iniciativas a prol da cidade. A esa nómina de tudenses ilustres engádesse agora o nome de Xosé María Álvarez Blázquez, mais tamén o de Dario, de Emilio ou de Álvaro, todos construtores das artes e das letras, en definitiva todos poetas se seguísemos rigorosamente a etimoloxía do verbo grego poiein que significa, construír.

Xosé María foi poeta construtor desde a infancia, pois xa aos doce anos dera a coñecer os seus versos nalgún xornal -“estos pobres versos, tan desharrapados, tan fríos, tan yertos”- como el mesmo expresaba no seu primeiro libro de poemas, Abril, publicado cando só tiña dezasete anos. Nun deles personificaba ao monte Aloia, non sei se exercendo, naquel tempo de ilusións republicanas, como visionario de tétricos

TUI, RENACIDA NAS
LIBERDADES, QUE
TANTAS BÁGOAS
VIU ESVARAR
POLAS MEIXELAS

DOS SEUS HABITANTES

agoiros: “El Aloya, altivo/ gallardo se alza/ ante el fértil valle/ como una muralla.¿Qué misterios sabe/ qué secretos guarda/ ese franciscano/ de túnica parda!...”

Tuí, ás veces disfrazado de Valmiñán, unha localidade na que as estatuas non falaban, ou a vida ribeira do Miño da novela *Crecen las aguas*, ou os seus estudos sobre un curioso menestral da Catedral, ou a intromisión dun trovador inexistente nacido aquí, Golparro, no mundo tenro pero sesudo dos cancioneros, ou a súa extraordinaria conferencia sobre o arcebispo Lago, os seus artigos de prensa, os poemas e os estudos arqueolóxicos fálanos de que esta cidade xamais desapareceu das súas lembranzas e inquedanzas. E se non escribiu máis verbo dela foi, seguramente, porque mantivo dalgún xeito o seu corazón hibernado até



Xosé María Álvarez Blázquez en 1932.

a chegada á estación de Guillarei do tren das liberdades. No nome de toda a familia Álvarez, herdeira e continuadora dos valores inamobíbeis da fraternidade, moitas grazas”.

Esta alusión que fixen na miña intervención á estación de Guillarei posiblemente só a entendimos os Álvarez, pero abondounos co pracer privado do seu significado. A esa estación chegara meu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, tras manter un contacto na Coruña, propio dunha película de espionaxe, cun militar sublevado pero capacitado para a reflexión verbo da brutal inxustiza, coa promesa da conmutación da pena de morte pola cadea perpétua para o seu pai, Dario Álvarez Limeses, mais case nada desa ilusión foi quen de transmitir Xosé María cando chegou á casa do Rollo: do vagón traíseiro dese mesmo tren viu descer ao infame falanxista Bugarín, quen, informado do asunto, reti-vo o indulto até que as balas racharon o corazón do meu avó. De aí que todos nós continuemos na prudente estación da que parten e á que chegan os trens do perdón e da alerta, e agradecidos a esta nova cidade de Tuí, renacida nas liberdades, que tantas bágoas viu esvarar polas meixelas dos seus habitantes.

III PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL YPF 2008

Repsol YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, no desexo de contribuir ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a terceira edición do PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, de acordo coas seguintes

Bases:

- A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás o gañador/a da edición anterior, cunha obra escrita en lingua galega, consonte á normativa establecida pola Real Academia Galega.
- As obras, que serán orixinais e inéditas, terán unha extensión non inferior a 60 folios nin superior a 120.
- Os orixinais, que se presentarán encadernados en oito copias, estarán mecanografiados a dobre espazo, a razón de 32 liñas de 70 caracteres aproximadamente. En cada un deles figurará o título da obra e o lema da mesma. Ademais, achegarase un sobre pechado no que figurará o devandito lema e, no seu interior, o nome, enderezo e teléfono do autor ou da autora.

- As obras enviaranse antes do 31 de xullo de 2008, facendo constar no sobre PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, ao seguinte enderezo:
Complejo Industrial Repsol YPF
Apartado-700
15080 A Coruña
- Estabílese un único premio dotado con 9.000 euros. Esta cantidade estará suxeita a retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.
- O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.
- A conta do Premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador. A obra premiada será publicada por Editorial Galaxia a quen corresponderán os dereitos de edición en galego. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2008.
- O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e será nomeado por Repsol YPF e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia en colaboración coa Real Academia Galega, a Editorial Galaxia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Galega de Editores.

A súa decisión será inapelable e farase pública no mes de setembro do presente ano 2008.

- A entrega do Premio terá lugar no decurso dun acto público que se celebrará na cidade da Coruña.
- A non ser por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do Premio.
- Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous meses, a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.
- Dos aspectos non contemplados nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponde ás entidades organizadoras quen, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán fallo que será inapelable.
- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

LETRAS GALEGAS 2008

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>